

coello



coelliño



árbore



arboriña

Fixate: se á palabra *coello* lle engadimos **-iño**, temos o nome dun coello pequeno. O mesmo sucede con *árbore*. *Coelliño* e *arboriña* son **diminutivos.**

Coas terminacións **-iño/-iña** formamos diminutivos, palabras que indican menor tamaño.

Ás veces, usamos os **diminutivos** para expresar cariño: *neniña*.

**4** Forma diminutivos engadindo **-iño** ou **-iña**:

| | | | |
|---|---|---|---|
| folla | nena | rapaz | raíz |
| fonte | bicho | herba | paxaro |

**5** Escribe as palabras a partir das cales se formaron estes diminutivos:

| | | | |
|---|---|---|---|
| caixiña | biquiño | avoíño | amiguiña |
| velliña | bolsiña | nariciño | libriño |

**6** Subliña as palabras rematadas en **-iño/-iña** que expresan cariño:

Ven aquí, filliña, e dame un biquiño.

A velliña levaba unha cadeliña branca metida nunha caixa.

## USO O DICIONARIO

**1** Os diminutivos non aparecen no dicionario. Quitalles a terminación aos seguintes e escribe a palabra que terías que buscar. Escribe o seu significado:

| | | | |
|---|---|---|---|
| anaquiño | irmanciño | pauciño | regueiriño |
| pinguiña | vermiño | peiño | rapaciña |